

NORMAS BÁSICAS DE POD 2012-13 (Acordo do Consello de Goberno de 23/03/2012)

1. Carga e capacidade docente

Para os efectos da elaboración do POD, a **carga docente** dun departamento no curso 2012/13 é a que resulta de sumar a docencia nas titulacións de grao e a docencia nas titulacións LRU a extinguir.

A **carga docente básica** dun departamento é a que resulta das propostas de distribución da carga docente básica das distintas titulacións de grao, entre os departamentos con responsabilidade docente nas mesmas, por acordo dos propios centros, nos termos establecidos na normativa aprobada no Consello de Goberno de 14 de novembro de 2011.

A **capacidade docente** dun departamento é a suma das capacidades docentes de todo o profesorado do departamento segundo a súa dedicación, unha vez aplicados os recoñecementos docentes que correspondan.

A **capacidade docente básica** dun departamento é a suma das capacidades docentes de todo o profesorado con vinculación permanente, profesorado con dereito a reserva de praza, máis a correspondente ás prazas con dereito a promoción.

2. Condicións para a saída a concurso de prazas de profesorado ou contratación de visitantes, profesorado asociado e lectores

Aqueles departamentos nos que a carga docente exceda á capacidade docente do curso 2012/13 poderán cubrir a docencia vacante dos seguintes xeitos:

- Poderá incrementarse a dedicación do profesorado a tempo parcial.
- Poderá solicitarse a contratación de profesorado coa categoría de asociado, visitante ou lector (nas áreas que corresponda).
- Poderá solicitarse a saída a concurso de prazas consolidables, se o déficit entre a carga docente básica e a capacidade docente básica é igual ou superior a 240 horas por departamento e campus.

3. Condicións para a saída a concurso de prazas de axudante

Poderase autorizar a saída a concurso dunha praza de axudante nas seguintes condicións:

- ✓ Existencia e conxelación dunha praza consolidable no departamento e campus. O departamento poderá recuperar a dita praza e sacar a concurso a mesma como unha praza de axudante doutor ou categoría superior, previa acreditación correspondente da persoa que ocupe a praza de axudante contratado. Se remata o contrato de

axudante sen darse esta acreditación, o departamento recuperará ou non a praza dependendo da carga básica existente no futuro.

- ✓ Deberá acreditarse capacidade formativa suficiente para garantir a formación da persoa que ocupe a praza de axudante. Para isto será necesario identificar polo menos un programa de doutoramento e contar coa conformidade de polo menos un/ha profesor/a doutor/a no antedito programa para dirixirle a tese de doutoramento á persoa candidata que resultara contratada.
- ✓ Como máximo, poderase solicitar unha praza de axudante por departamento.

4. Requisitos das persoas candidatas

Os requisitos xerais para concursar a prazas de **axudante**, de **profesorado axudante doutor**, **profesorado contratado doutor** e **profesorado titular de universidade** son os establecidos na lexislación vixente para este tipo de prazas.

Para concursar a unha praza de **profesorado asociado** será necesario acreditar que a persoa candidata está a exercer unha actividade profesional fóra do ámbito académico da universidade e ter unha experiencia profesional durante un período mínimo de dous anos ao longo dos cinco últimos e posteriores a obter a titulación requirida para acceder a dita praza.

O profesorado coa categoría de **visitante** será contratado por un período inicial máximo dun ano ampliable ata un total máximo de dous anos entre persoal docente ou persoal investigador de recoñecido prestixio que teña previa relación contractual con outras universidades ou centros de investigación. A contratación baixo a figura de profesor visitante será incompatible co desempeño doutras actividades retribuídas, salvo cando se trate de persoal docente e investigador de universidades estranxeiras ou centros de investigación estranxeiros.

5. Persoal en programas de investigación

Poderá colaborar en tarefas docentes e figurar en POD, o persoal investigador da Universidade de Vigo que a continuación se relaciona, cos seguintes límites de docencia por curso académico:

a) Predoutorais:

- ✓ Persoal dos programas de formación predoutoral da Universidade de Vigo ou da Xunta de Galicia (60 horas)
- ✓ Investigadores en formación FPI o PFU, nos termos contemplados na convocatoria correspondente (60 horas)

b) Posdoutorais

- ✓ Persoal contratado de programas “Ramón y Cajal” e “Juan de la Cierva” (80 horas).
- ✓ Persoal contratado do programa “Isidro Parga Pondal” (120 horas).

- ✓ Persoal contratado do programa “Ángeles Alvariño” (90 horas). Neste caso terase en conta o requisito destes contratos relativo á súa obriga de ter completados 24 meses de estadía posdoutoral noutros centros ao término dos tres anos de contratos.

A colaboración en tarefas docentes do persoal contratado predoutoral do apartado (a) requirirá sinalar un/ha profesor/a como responsable da materia.

6. Condicións para cobertura de docencia vacante por circunstancias extraordinarias

6.1. Profesorado contratado interino de substitución

O profesorado contratado interino de substitución terá dedicación parcial e, segundo o establecido no artigo 20 do *II Convenio colectivo do PDI laboral das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo*, a finalidade do seu contrato é a cobertura da docencia vacante por circunstancias sobrevidas de carácter extraordinario ou a suspensión temporal da actividade dun/ha profesor/a.

Conforme o disposto nos artigos 3 a 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, os contratos de profesor interino de substitución non serán compatibles con outra actividade no sector público.

A provisión de prazas de profesorado interino de substitución realizarase mediante listas de agarda que poderán ser xeradas mediante un concurso específico ou a partir dos concursos de profesorado.

A duración do contrato será a determinada polo motivo da substitución e como máximo ata a finalización do curso académico para o que se produce a contratación.

6.2. Horas extraordinarias

Será posible recorrer á fórmula de horas extraordinarias ou complementarias do profesorado laboral, nos termos establecido no *II Convenio Colectivo para o persoal docente e investigador laboral das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo*

7. Aprobación do POD

A COAP aprobará as propostas de POD recibidas dos departamentos e, se procede, a saída de prazas a concurso.